



versión en castellano
english version

accesibilidade

Buscar na web da USC

Buscar

[acerca do web](#) | [mapa do web](#) | [directorio](#) | [contacto](#) | [correo web](#) | [ligazóns](#) | [axuda](#)

Inicio » Xornal da USC » Nova

Xornal. Nova

Martes, 08 de setembro de 2009

- Portada
- Acontece
- Resumo de prensa
- Investigación
- Axenda
- Opinión
- Publicacións
- Entrevistas
- Edicións anteriores
- Taboleiro
- Colabora con nós
- Buscador do xornal
- Redacción

A poesía infantil deste século, a análise

A inauguración do curso 'As literaturas infantís e xuvenís ibéricas' será este luns 7 ás 9:00 horas na Biblioteca da Fundación Caixa Galicia

• Actualizada o Venres, 04 de setembro de 2009 ás 12:06

Un ano máis, a Rede temática de Literatura infantil e xuvenil da USC e, este ano, a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) co apoio da Dirección Xeral de Política Lingüística poñen en marcha o VI Curso de formación continua 'As literaturas infantís e xuvenís ibéricas'. A súa influencia na formación lectora no que se tratará a poesía infantil no século XXI.

A parte presencial do curso iníciase este luns 7 na sede da Biblioteca Fundación Caixa Galicia (Frei Rosendo Salvado, 14-16) e rematará o próximo día 10. A inauguración terá lugar ás 9:00 horas e nela participan o director do Departamento de Filoloxía Galega, o presidente da AELG, a directora do curso e o director da Biblioteca da Fundación. Deseguido presentárase un informe sobre docencia e investigación na literatura infantil e xuvenil. A sesión da mañá completárase cun taller de poesía a cargo do escritor Antonio García Teijeiro, que xunto con Ana María Fernández participará nun encontro literario cos asistentes.

Na tarde do luns, a partir das 16:30 horas, terá lugar un recital poético musical de autores do marco ibérico, para rematar ás 19:00 horas cun encontro co poeta vasco Juan Kruz Igerabide e o portugués Joao Pedro Mésseder.

No marco deste curso, que conta co apoio de diversas institucións e con máis de cen matriculados, terán lugar, ademais dos encontros e recitais, mesas e coloquios sobre a produción poética e a súa investigación, experiencias, talleres de regueifas, de poesía, de plástica, etc. Entre estas actividades tamén se atopa a presentación, o xoves ás 12:00 horas, do monográfico *A poesía infantil no século XXI (2000-2008)*, que se publica co apoio da Fundación Caixa Galicia e Edicións Xerais de Galicia.

Reunión da LIJMI

Paralelo ao curso, os días 8 e 9 deste mes reunirase en Santiago, no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (CIRP), a Rede Temática de Investigación 'As Literaturas Infantís e Xuvenís do Marco Ibérico e Iberoamericano' (LIJMI) que coordina a profesora Blanca-Ana Roig, directora do proxecto 'Informes de Literatura' que anualmente dá noticia da produción e recepción de e sobre literatura galega, incluída a infantil e xuvenil.

versión para imprimir

Reitoría da USC
Colexio de San Xerome
Praza do Obradoiro, s/n
15782 Santiago de Compostela
Teléfono centralíña: +34 981 56 31 00
Teléfono de información: +34 981 54 71 11

uni>ersia



Unitenda



Grupo
Compostela

Vicerreitoría de Coordinación
do Campus de Lugo
Praza Pío XII, 3
27001 Lugo
Teléfono: +34 982 28 59 00